

Expediente número: 7846/2023

Procedemento : Procesos Selectivos do Obradoiro de Emprego 2023-2024

Acta do tribunal cualificador

ACTA DE VALORACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS OBXECTIVOS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “CONCELLOS RURAIS:BARBADÁS, CASTRELO DE MIÑO, TABOADELA E TOÉN”

En Barbadás, sendo as 11:30 horas do día 20 de novembro de 2023, reunese o tribunal cualificador para a selección do persoal do obradoiro de emprego “Concellos rurais: Barbadás, Castrelo de Miño, Taboadela e Toén”, tendo como punto do día a resolución das alegacións presentadas á valoración de méritos provisional, e a valoración definitiva dos méritos. Están presentes:

- D. Juan Fernando Freire Guede, en calidade de presidente
- Dna. Berta M^a Gómez Guede, en calidade de secretaria
- Dna. María del Mar López Robles, en calidade de vogal
- Dna. María Aurea Pacho Blanco, en calidade de vogal

Actúa como persoal colaborador Dna. María del Carmen Fernández García.

Unha vez revisadas as alegacións presentadas, e segundo as bases reguladoras do proceso selectivo aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 30/10/2023, decreto núm. 2023-2342, modificadas por Resolución de Alcaldía de data 02/11/2023, decreto núm. 2023-2362, á vista da documentación presentada no momento da solicitude das persoas candidatas, o tribunal acorda:

- Desestimar a alegación presentada por **D. Juan Carlos Fernández González**, con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RE-3087, en base ao estipulado na cláusula cuarta. Baremo de méritos, apartado III, punto 2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a



contratación do persoal: “Valoraranse as titulacións académicas distintas ás mínimas esixidas para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou **estea relacionada coas funcións a desenvolver**”. A titulación universitaria presentada non está relacionada coas funcións a desenvolver.

- Desestimar a alegación presentada por **Dna. Milagros Guzmán Manso**, con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RE-3095, en base a cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.d). das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: “Para a acreditación dos méritos relativos á experiencia laboral, experiencia profesional ou servicios prestados achegarase, no seu caso, **informe de vida laboral e as oportunas certificacións de servicios prestados**. As devanditas certificacións deberán ser emitidas polo organismo competente en materia de persoal ou recursos humanos de cada administración, conforme as súas propias normas de funcionamento, nas que deberán constar, alomenos, o posto ocupado, con identificación de categoría, grupo ou nivel e o tempo traballado, expresado en períodos con data de inicio, data de finalización e tempo traballado.”. Para a acreditación dos méritos relativos á experiencia persoal a candidata só presenta vida laboral, non presenta certificación de servizos prestados, polo que non se valora a experiencia profesional alegada ao non estar acreditada conforme ao establecido.
- Desestimar a alegación presentada por **D. Javier Cofán Rodríguez** con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RE-3094, en base a cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.d). das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: “Para a acreditación dos méritos relativos á experiencia laboral, experiencia profesional ou servicios prestados achegarase, no seu caso, **informe de vida laboral e as oportunas certificacións de servicios prestados**. As devanditas certificacións deberán ser emitidas polo organismo competente en materia de persoal ou recursos humanos de cada administración, conforme as súas propias normas de funcionamento, nas que deberán constar, alomenos, o posto



ocupado, con identificación de categoría, grupo ou nivel e o tempo traballado, expresado en períodos con data de inicio, data de finalización e tempo traballado.”. Para a acreditación dos méritos relativos á experiencia persoal o candidato só presenta vida laboral, non presenta certificación de servizos prestados, polo que non se valora a experiencia profesional alegada ao non estar acreditada conforme ao establecido.

- Desestimar a alegación presentada por **D. Florentino Cerdeira Varela**, con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RC-7786, en base a cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.b). das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: *“Non se valorarán aqueles méritos non alegados ni acreditados xunto coa instancia. Neste senso, só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. **En ningún caso se terán en conta méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.**”*. A documentación aportada para a acreditación da experiencia profesional foi presentada fóra do prazo. Dentro do prazo o candidato non presentou documentación acreditativa da experiencia conforme ao establecido na cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.d). das referidas bases reguladoras, xa que só presentou a vida laboral, polo que non se valora a experiencia profesional ao non quedar acreditada conforme ao establecido.
- Desestimar a alegación presentada por **Dna. Yanet Ruiz Pérez**, con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RE-3109,:
 - o En canto a experiencia profesional: en base a cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.b). das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: *“Non se valorarán aqueles méritos non alegados ni acreditados xunto coa instancia. Neste senso, só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. **En ningún caso se terán***



en conta méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.”. A documentación aportada xunto coa alegación para a acreditación da experiencia profesional foi presentada fóra do prazo. Dentro do prazo a candidata non presentou documentación acreditativa da experiencia conforme ao establecido na cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.d). das referidas bases reguladoras: *“Para a acreditación dos méritos relativos á experiencia laboral, experiencia profesional ou servicios prestados achegarase, no seu caso, **informe de vida laboral e as oportunas certificacións de servicios prestados**. As devanditas certificacións deberán ser emitidas polo organismo competente en materia de persoal ou recursos humanos de cada administración, conforme as suas propias normas de funcionamento, nas que deberán constar, alomenos, o posto ocupado, con identificación de categoría, grupo ou nivel e o tempo traballado, expresado en períodos con data de inicio, data de finalización e tempo traballado.*”. A candidata presentou, xunto coa instancia, vida laboral e dúas nóminas que non poden ser tidas en conta como certificacións de servizos prestados, polo que non se valora a experiencia profesional ao non quedar acreditada conforme ao establecido.

- o En canto a titulación complementaria en base ao estipulado na cláusula cuarta. Baremo de méritos, apartado III, punto 2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: *“Valoraranse as **titulacións académicas** distintas ás mínimas esixidas para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver”*. O master presentando está concedido pola Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, que non é unha institución académica, polo que non se valora a titulación ao non ser unha titulación académica.
- Desestimar a alegación presentada por **D. Carlos Pérez Fernández**, con núm. de rexistro de entrada núm. 2023-E-RE-3103.



o En canto a valoración da titulacións complementarias: En base ao estipulado na cláusula cuarta. Baremo de méritos, apartado III, punto 2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: **“A titulación mínima esixida como requisito de admisión non será obxecto de valoración.”**. O certificado de aptitude pedagóxica foi tido en conta como requisito para a admisión como acreditación da competencia docente, requisito para a admisión no proceso selectivo segundo a cláusula oitava. Bases específicas docente de certificado profesionalidade núm. AGAO0208 (Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes), apartado II, punto 2, polo que non é valorado como mérito.

o En canto os criterios de desempate utilizados, éstos están especificados na base segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado VIII, punto 3 das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal, non estando éstos sometidos a valoración do Tribunal. *“En caso de empate, a orde establecerase atendendo ao disposto na Instrucción 15 das Instrucións de data 14/06/2023, emitidas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego, que establece que os criterios para dirimir os posibles empates son, por orde de prelación:*

- O maior tempo acreditado como desempregado

-Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia

-A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.

- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.



- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
 - A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
 - A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
 - De ser o caso, a puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
 - O de maior idade
- Desestimar a alegación de **D. Delfín Cañadas Rodríguez**, con núm. de rexistro de entrada 023-E-RE-3107, e 023-E-RE-3108 en base a cláusula segunda. Desenvolvemento dos procesos, apartado III, punto 3.b). das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación do persoal: *“Non se valorarán aqueles méritos non alegados ni acreditados xunto coa instancia. Neste senso, só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias. **En ningún caso se terán en conta méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.**”*. A documentación alegada non foi acreditada na relación de méritos.
- Desestimar a alegación de **D. Francisco Javier Quintas Ferreño**, con rexistro de entrada núm. 2023-E-RE-3084 xa que Segundo a Base Segunda. VI. 7. do proceso, O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas

No relativo aos Coñecementos do Idioma Galego establecidos na Base Cuarta. V, relativo aos méritos, establécense os seguintes parámetros.

Neste apartado valoraránse os méritos por cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, cun máximo de 4 puntos (4% da valoración total dos méritos).

So se valorarán os cursos ou títulos regulados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), superiores ao CELGA 4.



Con respecto ao apartado anterior cabe dicir que:

Existen varios cursos homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería, coma os establecidos na ORDE do 13 xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Para o acceso a estes cursos esíxese estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente, polo tanto, son de natureza superior a este.

A redacción do apartado 2 da Base Cuarta. V., establece que se valorarán ben os cursos, ben os títulos regulados na Orde corresponden, superiores ao CELGA 4.

Polo tanto, son baremables os cursos recolleidos na Orde de 13 de xuño, na medida en que son homologados e superiores ao CELGA 4.

- Estimar parcialmente á alegación presentada por **D. Juan Antonio de Jesús González**, ás valoracións do posto de **docente** de “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes” con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RE-3079:

- o En relación á experiencia profesional, en base ao estipulado na cláusula cuarta. Baremo de méritos, apartado II, punto 1, das bases reguladoras do proceso selectivo para a contatación do persoal: *“valoraránse os servizos profesionais, como máximo con 60 puntos (60% da valoración total dos méritos), segundo o seguinte baremo:*

- *Por servizos prestados en Obradoiros de empregos xestionados por administracións públicas na mesma, equivalente ou análoga categoría profesional: 2 puntos por cada mes de traballo cun máximo de 30 meses.*
 - *Por servizos prestados en Obradoiros de empregos xestionados por administracións públicas en diferente categoría profesional: 1,5 puntos por cada mes de traballo cun máximo de 40 meses.*
 - *Por servizos prestados en empresas privadas na mesma,*



equivalente ou análoga categoría profesional: 1,20 puntos por cada mes de traballo cun máximo de 50 meses.

- *Por outros servizos prestados no sector público, entendendo por tal o ámbito de aplicación da Lei 40/2015, previsto no seu artigo: 1 punto por cada mes de traballo cun máximo de 60 meses.*
- *No caso dos postos de docente, pola experiencia docente acreditada en materia directamente relacionadas co posto de traballo, valorarase do seguinte xeito:*
 - *Por cada 30 horas de docencia en universidades públicas ou privadas: 1 punto.*
 - *Por cada 30 horas de docencia en centros diferentes dos anteriores: 0,5 puntos.”*

A experiencia profesional alegada polo candidato refírese a traballos como autónomo, que non se atopa dentro dos servizos profesionais establecidos para a valoración, polo que dita experiencia non foi computada. Os resto dos méritos profesionais alegados polo candidato xa foron valorados, obtendo 20 puntos de experiencia profesional.

- o En relación a titulacións complementarias: estimase a alegación ao presentar o candidato un master e unha titulación universitaria superior á requerida relacionadas coas funcións do posto de traballo, valorándose 6 puntos en titulacións complementarias.

Polo que a puntuación total do candidato é de 56 puntos.

- Estimar á alegación presentada por **D. Juan Antonio de Jesús González**, ás valoracións do posto de **director** con núm. de rexistro de entrada 2023-E-RE-3080 xa que por un erro de transcripción non foron valorados os 6 puntos correspondentes á titulación complementaria quedando cunha puntuación final de 96 puntos.



Non constando máis alegacións, acordase a seguinte puntuación definitiva:

DIRECTOR

Apelidos, nome	Experiencia profesional	Cursos	Titulación complementaria	Galego	TOTAL
M ^a DEL CARMEN SABORIDO DIAZ	60	30	6	4	100
FRANCISCO JAVIER QUINTAS FERREÑO	60	30	6	4	100
JULIO TROITIÑO DAPENA	60	30	3	4	97
JUAN ANTONIO DE JESUS GONZÁLEZ	60	30	6	0	96
ROSA ARICIA RODRIGUEZ ROMERO	60	30	3	0	93
DELFIN CAÑADAS RODRIGUEZ	60	30	3	0	93
RAUL FALCON BELMONTE	60	30	3	0	93
DAVID RIOJA MIGUEZ	58	30	3	0	91
M ^a ROSA	60	30	0	0	90



FERNANDEZ GONZALEZ					
JOSE MANUEL CARREIRO GONZÁLEZ	60	30	0	0	90
JOSE GONZÁLEZ PEÑA	60	30	0	0	90
CARLOS PEREZ FERNANDEZ	60	30	0	0	90

ADMINISTRATIVO

Apellidos, nome	Experien cia profesio nal	Curso s	Titulación complement aria	Gale go	TOTA L
Troitino Dapena, Julio	60	30	3	4	97



Gómez Sánchez, María del Pilar	60	30	3	0	93
Falcón Belmonte, Raúl	60	30	3	0	93
Dacosta Cancelas, Lucia	59	30	3	0	92
Pérez Pérez, Ana Belén	60	30	0	0	90
Fernández González, Juan Carlos	60	30	0	0	90
Grande Velo, Laura	60	17,17 5	3	0	80,175
Pérez Salcedo, María del Mar	60	12	3	0	75
Fernández Eire, David	60		3	0	63
Rioja Míguez, David	29	30	3	0	62
Álvarez Vispo, Montserrat	41	7,50	3	0	51,50
Álvarez Nogueiras, María Teresa	45	2,25	0	0	47,25
Folgoso Álvarez, Mónica	12	30	0	0	42



Cofán Rodríguez, Javier	0	30	6	0	36
Carbonero García, María Elena	0	30	3	0	33
Guzman Manso, Milagros	0	30	0	0	30
Fernández Quintas, Marco Antonio	0	25,5	0	0	25,5
Pacios Camba, Laura	0	11,62 5	0	0	11,625
Delgado Lamas, Patricia	0	7,5	0	0	7,5

DOCENTE DE INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES

Apelidos, nome	Experien cia profesio nal	Curso s	Titulación complement aria	Gale go	TOTA L
DELFIN CAÑADAS RODRIGUEZ	60	30	3	0	93
CARLOS PEREZ	60	30	3	0	93



FERNANDEZ					
LOIS MIGUEL JIMENEZ QUINTAS	60	30	0	0	90
OSCAR REGO BOVEDA	60	30	0	0	90
MARIA IRENE PIAS SALGADO	60	25,71	3	0	88,71
XAN VICENTE LOSADA SOTO	57,26	30	0	0	87,26
JUAN ANTONIO DE JESUS GONZÁLEZ	20	30	3	0	53

DOCENTE DE FÁBRICAS DE ALBANELARÍA

Apellidos, nome	Experiencia profesional	Cursos	Titulación complementaria	Galego	TOTAL
Cid Babarro, Anibal	60	30	0	0	90
Nóvoa Salgado, José Ramón	60	22,5	0	0	82,5
Pérez Ruiz, Yanet	0	30	0	0	30
Cerdeira Varela,	0	24	0	0	24



Florentino					
------------	--	--	--	--	--

En base a puntuación obtida, o tribunal cualificador propón a contratación de **D. María del Carmen Saborido Díaz en calidade de Director, D. Julio Troitiño Dapena en calidade de Administrativo, D. Delfin Cañadas Rodríguez en calidade de Docente de Xardinaría e D. Anibal Cid Babarro en calidade de Docente de Albanelería** por ser os candidatos que obtiveron maior puntuación.

Os candidatos disporan de 2 días hábiles para presentar o certificado médico segundo as bases reguladoras do procedemento.

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante a alcaldía no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación desta acta no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica. Comunicase que o prazo de resolución é de 3 meses, transcorrido este prazo sen recaer resolución poderase entender desestimado por silencio.

Contra a resolución do recurso de alzada non poderá interpoñerse outro recurso administrativo, salvo o de revisión, todo elo de conformidade no disposto nos artigos 121 e 122 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Contra a resolución expresa do recurso de alzada poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses a contar dende a notificación da resolución desestimatoria expresa do recurso de alzada. No caso de desestimación presunta do recurso de alzada (3 meses), o prazo de interposición será de 6 meses a contar dende o día seguinte ao de finalización do prazo de 3 meses sinalado, todo elo conforme o previsto no artigo 46 da lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E non tendo máis asuntos que tratar, finaliza a sesión sendo ás 13:05 do día arriba indicado.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

